

EXERCICIOS DE APOIO DA SECCIÓN 3ª

1. Explica en que consiste a racionalidade do pensamento e as súas características.
 2. Sinala as diferenzas entre unha actitude crítica e unha doutrinaria dogmática.
 3. Que son os conceptos e que esixe deles a racionalidade?
 4. Explica que é un razoamento dedutivo e a validez do mesmo.
 5. En que consiste un razoamento indutivo, e que valor teñen as súas conclusións.
 6. Explica de que trata a Lóxica formal.
 7. Que é a Lóxica informal, e que estuda.
 8. Características do saberes técnicos. Relación coa maxia.
 9. Características do saber de tipo mítico-relixioso.
 10. Relación e diferenzas entre os saberes míticos e o saber filosófico.
-
-

Solucións:

1. A racionalidade do pensamento consiste nunha estratexia ou método para maximizar a veracidade das nosas opinións.
As características básicas do pensamento racional son:
 - Consistencia: non contradición.
 - Xustificación adecuada: fundamentado en “boas razóns”.
 - Actitude crítica: disposición a revisar as opinións.
 2. A actitude crítica consiste na disposición constante a revisar as propias opinións, e mesmo a modificalas se hai razóns concluíntes para facelo.
A actitude doutrinaria dogmática rexeita a revisión e o cambio de opinións, consideradas verdades definitivas e inmutables, blindándoas contra calquera crítica e negando toda evidencia en contra.
 3. Os conceptos son representacións mentais abstractas ou categorías coas que o entendemento estrutura e ordena a realidade.
A racionalidade esixe que os conceptos sexan precisos, rigorosos, coherentes e claros.
-

4. O razoamento dedutivo parte de principios ou premisas de tipo xeral ou universal para derivar conclusións máis particulares.
As conclusións extraídas teñen que ser necesariamente verdadeiras, se os principios dos que se parte son verdadeiros e o razoamento é correcto.
5. Nos *razoamentos indutivos* os datos de partida son enunciados observacionais particulares, e deles, por xeneralización, pretenden derivarse conclusións máis universais. Tales conclusións só terán un valor de probabilidade.
6. A *Lóxica formal*, ou teoría da dedución, é unha ciencia que estuda os principios e leis da inferencia formalmente válida. É unha ciencia formal, porque só ten en conta a estrutura ou forma sintáctica dos enunciados e as súas conexións, prescindindo totalmente do significado concreto dos mesmos.
7. A *Lóxica informal*, ou teoría da argumentación, é unha rama da Filosofía, cuxo obxecto de estudo é a argumentación material (real); isto é, estuda o diálogo argumentativo, e os seus elementos constitutivos e normativos (principios, procedementos e erros argumentais ou falacias).

8. As técnicas son saberes:

<i>Prácticos</i> (adquiridos por ensaio e erro)
<i>Especializados</i> (baseados na división social do traballo)
<i>Públicos</i> (aberto e compartidos, non secretos)
<i>Revisables</i> (modificables e perfeccionables)

A técnica comparte coa maxia a súa pretensión de dominar a natureza; pero esta responde a unha concepción mítico-relixiosa do mundo, e as súas prácticas son ocultas e secretas; tan só accesibles aos iniciados, cuxo coñecemento transmiten dun xeito acrítico e incuestionable (dogmático).

9. Os mitos son relatos, lendas e tradicións que dan interpretacións da realidade e da vida humana caracterizadas por ser:
- *Antropomórficos*: os fenómenos naturais son interpretados como resultados intencionados con finalidade e sentido (*animismo*: o mundo está rexido por espíritos animados que actúan intencionadamente).
 - *Indeterministas*: o que acontece na natureza sucede de forma arbitraria.
 - *Prescritivos*: serven de fundamento a pautas normativas de conduta.
 - *Acríticos*: son tradicións ancestrais no sometidas a análise crítica racional.
10. As concepcións mítico-relixiosas do mundo coinciden coa Filosofía en:
- a) Buscan explicacións comprensivas da realidade.
 - b) Tratan de encontrar sentido á vida humana.
 - c) Pretenden orientar e servir de guía para a vida.

Pero a Filosofía, a diferencia dos mitos:



- a) Supón unha orde causal regular e necesaria nos fenómenos naturais.
- b) Pretende explicar a realidade racionalmente.
- c) Apóiase en argumentación racional.
- d) Sométese a crítica e revisión constante.